



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003584

RESOLUCIÓN Nº 26969/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019-ÁREA DE AUDIOVISUAIS

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

Por resolución da presidencia n.º 23943, do 10 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2019-Área de audiovisuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: HERNÁNDEZ GONZÁLEZ, PALOMA

Expediente: 2019000011690

Obxecto da bolsa: Posgrado de Comisariado Cinematográfico, na Elías Querejeta Zine Eskola, en San Sebastián.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: SANJURJO GARCÍA, ANDRÉS

Expediente: 2019000011793

Obxecto da bolsa: Talleres en Residencias Walden, en Medellín (setembro 2019), San Salvador de Bahía (outubro 2019), Medellín (marzo 2020), Barcelona (xuño 2020) e Montevideo (xullo 2020).

Importe da bolsa: 9.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación n.º 220190014222, por importe total de 18.000 €

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Suárez Canosa, María do Mar

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.